

CONVOCATORIA DE AXUDAS A EMPRESAS, AUTÓNOMOS, ASOCIACIÓN E FUNDACIÓNS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MT975R)

PREGUNTAS FRECUENTES

1.- Por que deberían as empresas, autónomos, asociación e fundacións de Galicia aproveitar as oportunidades de financiamento que ofrece esta convocatoria?

Esta convocatoria ten por finalidade poñer a disposición das empresas recursos económicos cos que favorecer o financiamento de proxectos que estean a procura de respostas aos retos e oportunidades asociadas á innovación ambiental, a fomentar a realización por parte das empresas de actuacións e investimentos encamiñados, con carácter prioritario, á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental, prestando a súa colaboración económica aos proxectos realizados polo sector empresarial galego en materia de xestión dos recursos e dos residuos.

2.- Cal é o procedemento de concesión para estas axudas?

Segundo o establecido no artigo 11 das bases reguladoras o procedemento que se empregará para a concesión das axudas é o de **concorrenza competitiva** contemplado no artigo 19, apartado 1º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3.- Cales son as liñas subvencionables desta convocatoria?

a) Liña 1: Proxectos de nova construción de instalacións de preparación para reutilización (PxR) de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc), ampliación de instalacións existentes para incluír liñas de preparación para a reutilización de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) e mellora de instalacións existentes de PxR de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) coa finalidade de alongar a vida útil dos materiais e obxectos, previndo a xeración de residuos domésticos e a eliminación para **asociacións e fundacións**.

b) Liña 2: Proxectos de nova construción de instalacións de preparación para reutilización (PxR) para residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc), ampliación de instalacións existentes para incluír liñas de preparación para a reutilización de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) e mellora de ins-

talacións existentes de PxR de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, Téxtiles, etc) coa finalidade de alongar a vida útil dos materiais e obxectos, previndo a xeración de residuos domésticos e a eliminación para **empresas e autónomos**.

c) Liña 3: Actuacións destinadas á implementación de melloras nas instalacións de triaxe e clasificación de envases. Estas axudas estarán destinadas a maximizar o aproveitamento dos materiais contidos nos residuos de envases lixeiros que se recollan de forma separada e que se traten de en instalacións de separación mecánica, de maneira que poidan contribuír á consecución dos obxectivos comunitarios de preparación para a reutilización e reciclado así como a da redución dos residuos destinados ao seu depósito en vertedoiro para **empresas e autónomos**.

d) Liña 4: Actuacións destinadas á implementación de melloras nas instalacións de tratamento existentes para incrementar a súa eficacia na recuperación de materiais contidos nos residuos municipais que se recollan de forma mesturada de maneira que poidan contribuír á consecución dos obxectivos comunitarios de preparación para a reutilización e reciclaxe, así como ao de redución dos residuos municipais destinados ao seu depósito en vertedoiro para **empresas e autónomos**.

4.- Pode optar una mesma entidade a máis dunha subvención ao amparo desta convocatoria?

Si, segundo o establecido nas bases reguladoras **é posible** que una mesma entidade concorra a esta convocatoria de maneira simultánea para a varias liñas subvencionables a que se refire o artigo 3, **pero se o proxecto ou proxectos para os que solicite a subvención pertencen a liñas subvencionables** distintas deberán presentar unha solicitude por cada liña (Anexo I).

5.- A quen van destinadas estas axudas?

- Con carácter xeral, poderán ser beneficiarias destas axudas, pequenas e medianas empresas (pemes) así como as grandes empresas.
- Tamén poderán ser beneficiarias agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado (consultar artigo 2.3 das bases reguladoras).

6.- Hai algunha restrición para poder solicitar estas axudas?

Non poderán ter a condición de beneficiarios:

a) As entidades ou empresas en que concorran algunha das circunstancias previstas no **artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.**

b) As entidades ou empresas que entren dentro da categoría de empresas en crise ao abeiro da definición do artigo 2.18 do Regulamento xeral de exención (Regulamento UE nº 651/2014), sempre que a situación de empresa en crise fose anterior ao 31 de decembro de 2019, para as **liñas 2, 3 e 4.**

c) As entidades ou empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común, para as **liñas 2, 3 e 4.**

7.- Se opto a varias liñas de actuación contempladas na orde, debo presentar na sede electrónica diferentes solicitudes (unha para cada liña), e non unha única subvención coas distintas liñas?

Si, para o caso de que a súa entidade queira pedir máis dunha subvención para proxectos deberá presentar solicitudes independentes.

8.- Cal sería a porcentaxe máxima subvencionada?

Liña 1: 90 % do custo total do proxecto ata un máximo de **200.000€** que se incrementará ata os **500.000€** cando se trate de empresas que presten servizos de interese económico xeral.

Liña 2: 60% do custo total do proxecto e un máximo de **200.000€** que se incrementará ata os **500.000€** cando se trate de empresas que presten servizos de interese económico xeral.

Liña 3: 40% do custo total do proxecto. A contía máxima da axuda por beneficiario establécese en función das toneladas de residuos de envases lixeiros procedentes de recollida separada tratados pola instalación a razón de **50 €/tonelada**, ata o esgotamento do crédito.

Liña 4: 40% do custo total do proxecto. A contía máxima da axuda por beneficiario establécese en función das toneladas de residuos tratados pola instalación a razón de **2,5 €/tonelada**, ata o esgotamento do crédito.

9.- Estas axudas son compatibles con outras axudas?

➤ Estas axudas **son compatibles** con outras axudas ou subvencións públicas destinadas á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou organismo internacional, **sempre que o importe total das axudas percibidas non supere a intensidade máxima da axuda permitida**. O financiamento achegado non é compatible cos Proxectos clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2).

➤ As axudas establecidas na **liña 1 e liña 2** terán a consideración de **axudas de minimis** polo establecido no *Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013*, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis. A axuda total concedida baixo este concepto de minimis por calquera Administración Pública a un mesmo beneficiario non poderá exceder de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Este límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de *minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido. Cando se trate de empresas que presten servizos de interese económico xeral, este límite será de 500.000 €, segundo o previsto no artigo 2.2 do Regulamento (UE) 360/2012, da Comisión, do 25 de abril de 2012.

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas sempre que o importe total das axudas percibidas para os mesmos gastos non supere, illadamente ou en conxunto con outras, o custo elixible do proxecto.

En virtude do anterior, as empresas deberán declarar, no momento de presentar a solicitude, o conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.

➤ As axudas concedidas dentro das **liñas de axudas 3 e 4** establecidas nesta orde estarían sometidas ao disposto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co [DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO](#)
[VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA](#)
[Edificio de San Lázaro](#)
[San Lázaro,s/n, 15781 Santiago de Compostela](#)

mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, concretamente no artigo 47 do mesmo, onde se indica que as axudas á inversión que permitan ás empresas ir máis alá das normas da Unión en materia de protección medioambiental ou incrementar o nivel de protección medioambiental en ausencia de normas da Unión, serán compatibles co mercado interior a tenor do artigo 107, apartado 3 do Tratado.

10.- As cantidades a subvencionar nesta orde son con IVE ou sen IVE?

Os importes máximos considerados ao abeiro desta Orde son importes **SEN IVE** xa que segundo se indica no artigo 5.2.b **non será un gasto subvencionable o imposto sobre o valor engadido nin outro imposto de natureza similar**. Será a entidade beneficiaria da axuda a que teña que soportar directamente o importe sobre o valor engadido (IVE).

11.- A orde de subvencións contempla o pago de anticipos?

Si, o artigo 25 da Orde prevé a posibilidade de que as entidades que resulten beneficiarias soliciten o pago anticipado de ata o 50 % do importe de subvención concedido.

As entidades beneficiarias que queiran acollerse á modalidade de pagamento anticipado, deberán manifestalo expresamente no prazo máximo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión, mediante a presentación da correspondente solicitude de pagamento anticipado, empregando o modelo que se incorpora como anexo V e dispoñible na Sede electrónica (MT975R).

12.- Onde debo presentar a solicitude?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal> (Código de procedemento MT975R).

O órgano responsable é a Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, da Vicepresidencia Segunda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

13.- Cal é o prazo de presentación?

O prazo de presentación de solicitudes será **dun mes (1) mes**, contado desde o día seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

14.- Que documentación debo presentar?

A documentación que deben presentar coa solicitude (Anexo I) está sinalada no artigo 7 desta orde:

- Acreditación da representación legal da empresa ou entidade solicitante.
- As empresas que non se atopen obrigadas por lei a inscribirse no Rexistro Mercantil ou calquera outro rexistro público presentarán a documentación acreditativa da constitución e da representación correspondente.
- Copia do documento que acredite a existencia dun centro de traballo en Galicia ou a realización dalgunha actividade empresarial xustificable dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Declaración responsable emitida polo representante da empresa en que se indique a cualificación como empresa autónoma, ou ben se indiquen as empresas asociadas ou vinculadas, incluíndo os datos de participación respectivos.
- Declaración, por parte da entidade solicitante, do compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) no senso do artigo 8, apartado 2.e), da Orden HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (Anexo II).
- Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica e sempre que se axuste ao sinalado no artigo 2 destas bases, deben presentar os Estatutos de constitución da agrupación ou no seu caso os de asociación.

15- Ademais dos documentos indicados no apartado anterior, debo presentar documentación específica en función da liña solicitada?

Sí, en todo caso se deberá achegar a seguinte documentación:

Liñas 1 e 2:

- Anexo I.a) ou I.b), en función da liña solicitada, debidamente cumprimentado e asinado.
- Memoria técnica liña 1 ou liña 2 en función da liña solicitada (co contido sinalado anteriormente).
- Declaración destinada a especificar calquera outra axuda solicitada ou concedida para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, así como ás sometidas á norma comunitaria de *minimis* recibidas no exercicio corrente e nos dous exercicios fiscais anteriores, para as **liñas 1 e liña 2**.
- **Declaración responsable das capacidades da nova instalación (capacidade máxima e normal) e da poboación potencialmente atendida se é o caso.**
- Documentación acreditativa que xustifique o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 4 da orde sinalada para cada liña solicitada, así como a documentación que se considere oportuna de conformidade cos criterios de valoración, recollidos no artigo 15 da orde.
- Deberá presentarse un proxecto no que se inclúan os tipos de residuos que prepararán para a reutilización, os tratamentos de cada un deses residuos, así como as condicións de venda, que incluirán a correspondente garantía postventa e a súa declaración como produto novo naqueles casos que sexa necesario.

Liñas 3 e 4:

- Anexo I.c) ou I.d), en función da liña solicitada, debidamente cumprimentado e asinado.
- Memoria técnica liña 3 ou liña 4 en función da liña solicitada (co contido sinalado anteriormente).

- Declaración xurada de que os residuos recibidos nas plantas obxecto da axuda, procedan de entidades que teñan **implantado un modelo de recollida selectiva con contedores específicos** para a recollida de envases lixeiros, biorresiduos, papel cartón e vidro, ou de non ser o caso compromiso asinado de implantar este modelo de recollida separada **antes de fin do 2025**.
- Declaración responsable da cantidade de residuos (toneladas) tratados pola instalación no último ano.
- Documentación acreditativa que xustifique o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 4 da orde sinalada para cada liña solicitada, así como a documentación que se considere oportuna de conformidade cos criterios de valoración, recollidos no artigo 15 da orde.

16.- Cal debe ser o contido mínimo da memoria?

A memoria do proxecto deberá incluír, como mínimo, os seguintes contidos:

- 1º. Tipoloxía e nome do proxecto.
- 2º. Breve descrición do proxecto presentado, en que se inclúan polo menos as capacidades que se van tratar ou aumentar e os residuos que se van tratar.
- 3º. Identificación e datos de contacto do responsable técnico.
- 4º. Introducción e diagnose da situación actual na materia do proxecto dentro do ámbito de actuación.
- 5º. Obxectivos do proxecto e descrición detallada das súas actuacións (materiais necesarios, tipo e cantidade) poboación atendida e sectores ou axentes implicados. Será precisa neste punto a referencia ás melloras ou beneficios ambientais que se procuran co proxecto.
- 6º. Indicadores e medidas de seguimento e resultados esperados (residuos recollidos en quilogramos, por tipoloxía de residuos).

7º. Estimación das gases de efecto invernadoiro evitadas e das toneladas de residuos que contribuirán ao cumprimento dos obxectivos nesta materia: https://www.miteco.gob.es/es/cambio-climatico/temas/fondo-carbono_metodologias.aspx (obxectivos cuantitativos e cualitativos).

8º Programación temporal (cronograma) para o desenvolvemento do proxecto en correspondencia coas previsións de gastos incluídas no orzamento que se remita e tendo en conta o recollido nestas bases reguladoras.

9º O plan de actuación deseñado deberá incluír unha xustificación pormenorizada dos materiais, actuacións e recursos propostos de conformidade cos gastos subvencionables ao abeiro desta orde.

10º. Orzamento resumido e detallado das actuacións que se van a solicitar (tendo en conta que o IVE non é subvencionable) os conceptos polos que se concorre na convocatoria chegando á desagregación a nivel de importes unitarios, de ser o caso, e tendo en conta o establecido nestas bases reguladoras en relación co período subvencionable e os prazos para a xustificación.

Toda a documentación técnica debe ser presentada nun único documento, que se titule do seguinte xeito "Memoria_técnica".

17.- Se se solicita a axuda para algunha das liñas subvencionables hai que ter algún tipo de autorización?

No momento da solicitude:

- Deberá achegar xustificante de ter presentado a correspondente solicitude de autorización ou, no seu caso, modificación da autorización, como xestor de residuos perigosos e/ou non perigosos ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia na fase de solicitude. A solicitude como xestor de valorización de residuos perigosos e/ou non perigosos, deberá incluír, nos casos en que así o exixa a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o documento correspondente para iniciar o trámite.

18.- Cal é o período subvencionable e o prazo de execución.

O período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido **entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de decembro de 2024, ambos incluídos, para as liñas 1 e 2 e entre a data de solicitude da axuda e o 30 de decembro de 2024 ambos inclusive para as liñas 3 e 4.**

Non serán subvencionables os proxectos concluídos materialmente na data de presentación da solicitude.

A data límite para xustificar cada anualidade do proxecto e presentar a documentación xustificativa das inversións será:

- a) O **30 de decembro de 2023** para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade de 2023. Inclúiranse neste orzamento as actuacións executadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de decembro de 2023 para as liñas 1 e 2.
- b) O **30 de decembro de 2024** para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade de 2024.

19.- Se teño algunha dúbida acerca desta convocatoria, onde debo dirixirme?

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pon ao dispor dos interesados a seguinte dirección de correo electrónico:
axudas.cmaot@xunta.gal

20.- Que requisitos de comunicación ten o beneficiario?

O beneficiario deberá cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto, de conformidade co establecido no anexo III das bases así mesmo, deben cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades competentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Deberán levarse a cabo medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolvan as inversións (**carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios, insercións en prensa, certificados etc**), onde se fará mención da orixe deste e velarase por darlle visibilidade, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuada que indique “financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU” tal como se reflicte no

artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Polo menos será necesario a xustificación de ter realizado a publicidade axeitada a través da colocación de carteis informativos nun lugar ben visible de acceso ao público.

Na páxina web <https://sirga.xunta.gal/> pódese consultarse o modelo do cartel informativo e o Manual de comunicación para os beneficiarios das axudas.